



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE CELEIRO POLA QUE SE PUBLICA O LISTADO PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA O OUTORGAMENTO DA MODALIDADE DE ANEMONE AO ABEIRO DO PLAN DE XESTIÓN CONXUNTO DE NOVA INCORPORACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO ANEMONE, MODALIDADE DE MERGULLO CON SUBMINISTRACIÓN DE AIRE DENDE SUPERFICIE, DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE ESPASANTE E O BARQUEIRO, APROBADO PARA OS ANOS 2023 E 2024

Procedemento: Outorgamento da modalidade anemone ao abeiro do plan de xestión conxunto de nova incorporación para o recurso específico anemone

Entidades: Confrarías de Espasante e O Barqueiro

Modalidade: ANEMONA Z8 (38H)

Data inicio convocatoria: 14-03-2023

Data fin convocatoria: 03-04-2023

Número de embarcacións: 2

Número de cotas: 6

Antecedentes

1. Mediante Resolución emitida o 02.03.23, aprobouse o plan de xestión conxunto de nova incorporación para o recursos específico anemone, modalidade de mergullo con subministración de aire dende superficie, para as Confrarías de Espasante e o Barqueiro, que establece un número máximo de dúas (2) embarcacións e seis (6) tripulantes-mergulladores con dereito a cota durante o ano 2023.
2. O 09.03.2023 as Confrarías de Espasante e O Barqueiro solicitaron a convocatoria para a cobertura das vacantes no plan no ano 2023.
3. O 14.03.2023 convócase o proceso selectivo para o plan de xestión conxunto de nova incorporación para o recurso específico anemone, modalidade de mergullo con subministración de aire dende superficie, para as Confrarías de Espasante e o Barqueiro.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 6 de abril de 2004, pola que se regulan os procedementos de publicación das convocatorias para o outorgamento das modalidades e recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións (DOG núm. 68 do 7 de abril), nos artigos 14 e seguintes regula a tramitación deste procedemento administrativo.

De acordo con todo o anterior RESOLVO,

1. PUBLICAR ó listado provisional da convocatoria. As solicitudes non se bareman xa que as embarcacións solicitantes coinciden coas prazas solicitadas.

CFPO	Embarcación	Lista, matrícula, folio
58603	Nutria Un	3º LU-3 1-08
24327	Salomé	3º FE-3 1-99





Outorgase 15 días para presentar alegacións sobre a lista publicada.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada no prazo dun mes no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á notificación da presente resolución, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015.

Documentación asinada dixitalmente á marxe

